

BASES

I OLIMPÍADA DA CREATIVIDADE CAMPUS CREA 2025

marzo-abril de 2025

Campus de Pontevedra-Universidade de Vigo

Presentación

A creatividade, definida como a capacidade de xerar ideas e obxectos, está no centro das sociedades humanas. O campus de especialización Crea de Pontevedra convoca a I Olimpíada da Creatividade Campus Crea coa finalidade de promover e visibilizar a creatividade no ámbito da comunidade educativa de ensino secundario.

Obxectivos

1. Promover e divulgar o coñecemento e o espírito científico a través da creatividade entre as persoas máis novas.
2. Dar a coñecer as titulacións do Campus Crea.

Quen pode participar?

Poderá participar na I Olimpíada da Creatividade Campus Crea o alumnado procedente dos centros de ensino secundario de Galicia e que no curso 2024/2025 estean realizando estudos de primeiro e segundo de bacharelato, cuarto da ESO ou ciclos formativos de artes plásticas e deseño. A participación será por grupos e cada centro poderá presentar un máximo de dous grupos formado por catro participantes.

Inscrición

Abrirase unha fase de inscrición, na que os centros poden expresar o seu interese de participar na olimpíada. A inscrición realizarase cubrindo o formulario de solicitude de participación que deberá ser enviado por correo electrónico desde un enderezo electrónico oficial (tipo xxx@edu.xunta.gal) –pode ser o do/a docente ou o do centro de ensino–, á conta xes.crea@uvigo.gal. O documento de inscrición deberá enviarse antes das 14.00 h do 20 de xaneiro de 2025.

Unha vez pechada a fase de inscrición, as prazas existentes distribuiranse equitativamente entre os centros interesados e por orde de inscrición. Os/as docentes participantes recibirán, no correo electrónico facilitado á organización, o número de prazas asignadas a cada centro escolar e as instrucións de participación antes do 15 de febreiro de 2025.

Os centros participantes teñen o compromiso de comunicar o nome e apelidos completos do alumnado participante cubrindo a ficha de inscrición (anexo I). Para os/as estudantes menores de idade deberán cubrir o formulario de autorización da nai, pai ou titor/a legal para a súa asistencia e participación na olimpiada e a cesión dos dereitos de imaxe (anexo II).

Toda esta documentación, listaxe do alumnado participante e formulario de autorización, deberá ser enviada antes do 30 de febreiro de 2025 ao enderezo electrónico xes.crea@uvigo.gal

Descrición da proba

A olimpiada realizarase de xeito presencial na Facultade de Comunicación da Universidade de Vigo, no campus de Pontevedra. A proba terá lugar en marzo-abril de 2025. A data e a hora previstas están pendentes de concretar.

O inicio da competición comezará coa inauguración da I Olimpíada da Creatividade Campus Crea e a explicación das probas creativas.

A proba terá unha duración total de tres horas e media dividida en dúas etapas:

ETAPA 1 |

Capacidade: 80 participantes. Vinte grupos de catro persoas.

Duración: 2 horas (de 10.30 a 12.30 h)

Desenvolvemento da proba:

- Todos os equipos recibirán un par de obxectos comúns en formato físico e ao combinalos deberán propor un obxecto cunha fisionomía, estrutura e/ou función novas e orixinais, ao que deberán dar unha función creativa orixinal, de xeito que se lle dea unha nova vida buscando a innovación disruptiva. Para esta fase, os grupos terán unha hora na que desenvolver a idea en formato de debuxo, plano ou esquema.
- Tras ese tempo, haberá outra hora, na que cada grupo deberá expoñer a súa proposta ante o tribunal das Olimpíadas e as demais persoas participantes,

incluíndo o propósito da súa creación e a historia detrás desta. Ao finalizar, o tribunal dará a coñecer os resultados, seleccionando os cinco grupos finalistas con mellor cualificación que se emprazarán para a final.

ETAPA 2 |

Capacidade: 20 participantes. Cinco grupos de catro persoas

Duración: 1 hora (de 13.00 a 14.00 h)

Desenvolvemento da proba:

- Os equipos finalistas recibirán, de xeito aleatorio, a proposta levada a cabo por outro grupo e terán que lle dar continuidade ao proceso creativo escollendo un eido concreto: educación, deseño, arte ou comunicación. Terán 30 minutos para definir a idea e, deseguido, defenderana ante o tribunal das Olimpíadas e do resto de participantes.
- Despois da súa deliberación, o tribunal resolverá os nomes dos tres grupos máis creativos da I Olimpíada da Creatividade Campus Crea. A continuación, terá lugar o acto da entrega de premios.

Data e lugar

Lugar: facultades do campus de Pontevedra

Data: marzo-abril de 2025

Premios

Outorgaráselles un primeiro, segundo e terceiro premio aos tres grupos de alumnado máis creativo, así como un diploma acreditativo para o 4.º e 5.º clasificado.

1.º clasificado uns auriculares sen fíos para cada integrante do equipo.

2.º clasificado: unha cámara Instax para cada integrante do equipo.

3.º clasificado un altofalante sen fíos para cada integrante do equipo.

4.º e 5.º clasificados: un diploma acreditativo.

Dereitos de imaxe

Os contidos audiovisuais (fotografías, vídeos etc.) obtidos durante a organización da I Olimpíada da Creatividade Campus Crea serán tratados segundo a normativa da Universidade de Vigo. O acto de entrega de premios é un acto público e os contidos audiovisuais que nel se produzan serán propiedade da Universidade de Vigo, polo que esta os poderá utilizar libremente nas súas publicacións, páxinas web etc.

Protección de datos

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD) e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámola/lo de que os datos que vostede nos facilite na solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de participar na I Olimpíada da Creatividade Campus Crea e amparados pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

Coa súa participación nesta olimpíada as persoas interesadas autorizan a Universidade de Vigo a publicar os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta actividade. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a citada circunstancia deberá comunicarlle a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813 419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e conservaranse durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Os datos das persoas gañadoras poderán difundirse en diversos medios e serán conservados nun ficheiro electrónico pola Secretaría Técnica do Campus Crea. Os datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade.

Vostede ten dereito a solicitarlle ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico [SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos](#)) ou mediante unha solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as oficinas de asistencia en materia de rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, As Lagoas, Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir a devandita solicitude directamente á delegada de protección de datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A participación na I Olimpíada da Creatividade Campus Crea implica aceptar integramente as súas bases e a decisión inapelable da comisión académica, á que lle corresponderá resolver calquera continxencia non prevista nestas bases.

Contacto

Para calquera dúbida ou suxestión, pode contactar coa Secretaría Técnica do Campus Crea:

Teléfono: 986 802 087

Enderezo electrónico: xes.crea@uvigo.gal